



Resolución da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola que se aproba o modelo normalizado de contrato de arrendamento de predio incorporado ao Banco de Terras de Galicia.

A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, establece no título III os instrumentos de mobilización da terra agroforestal e desenvolve a estrutura e o funcionamento do Banco de Terras de Galicia e do Banco de Explotacións de Galicia, que actuarán como instrumentos de intermediación. No capítulo II, relativo ao Banco de Terras de Galicia, xa existente desde o ano 2007, defínese a súa finalidade principal e introdúcense modificacións da estrutura e do funcionamento encamiñadas a mellorar a súa eficiencia e á adaptación ao seu novo rol na mobilización de terras.

O artigo 56.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia dispón que o contrato de arrendamento formalizárase nos modelos que se aproben por resolución da persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Na súa virtude e en uso das atribucións conferidas pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia,

RESOLVO

Primeiro. *Aprobación*

Aprobar o modelo normalizado de contrato de arrendamento de predio incorporado ao Banco de Terras de Galicia, que se xunta a esta resolución como Anexo I.

Segundo. *Publicación*

Esta resolución será publicada na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, debendo expedirse certificado para facer constar a data da súa publicación.

Terceiro. *Efectos*

Esta resolución producirá efectos o día da súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

A directora xeral

Inés Santé Riveira





Anexo I

Modelo normalizado de contrato de arrendamento de predio incorporado ao Banco de Terras de Galicia.

Expediente: _

1. PARTES CONTRATANTES.

PARTE ARRENDADORA:

Nome e apelidos / denominación social: _

Dni/Nif/Nie/Pasaporte/Tarxeta de residente/CIF: _

Enderezo de notificacións: _

REPRESENTANTE DA PARTE ARRENDADORA:

Nome e apelidos / denominación social: _

Dni/Nif/Nie/Pasaporte/Tarxeta de residente/CIF: _

Enderezo de notificacións: _

PARTE ARRENDATARIA:

Nome e apelidos / denominación social: _

Dni/Nif/Nie/Pasaporte/Tarxeta de residente/CIF: _

Enderezo de notificacións: _

REPRESENTANTE DA PARTE ARRENDATARIA:

Nome e apelidos / denominación social: _

Dni/Nif/Nie/Pasaporte/Tarxeta de residente/CIF: _

2. CÓDIGO DE VERIFICACIÓN ELECTRÓNICA (CVE) DA RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA QUE ADXUDICOU O ARRENDAMENTO E DAS CONDICIÓN XERAIS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS: _; _

3. CAPACIDADE LEGAL, COÑECEMENTO E ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN.

As partes manifestan ter a capacidade legal necesaria segundo interveñen, que aseguran non lles estar limitada por ningún concepto para outorgar o presente documento de contrato de arrendamento de predio incorporado ao Banco de Terras de Galicia, por duplicado exemplar.

A sinatura deste contrato supón a aceptación e conformidade das súas condicións, así como das condicións xerais en que se realizará a prestación dos servizos do Banco de Terras de Galicia e os negocios xurídicos derivados deles, publicadas na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, en cumprimento do artigo 35 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

4. IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DO PREDIO OBXECTO DO CONTRATO.

Ben incorporado ao Banco de Terras de Galicia:

- da titularidade da entidade xestora: _ (Si/Non)
- do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia: _ (Si/Non)
- do patrimonio da Administración Xeral do Estado: _ (Si/Non)
- de titularidade de terceiras persoas: _ (Si/Non)

Descrición e confinantes: _





Datos catastrais: _

Datos do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (Sixpac): _

Datos de concentración parcelaria: _

Tipo de relación xeométrica: Coincidencia total. O predio arrendado correspóndese co predio identificado cos seguintes códigos de catastro/Sixpac/concentración parcelaria: _

Tipo de relación xeométrica: Coincidencia parcial. Existe unha diferenza entre a xeometría do predio real e incorporado ao Banco de Terras de Galicia e a indicada na cartografía catastral/Sixpac/concentración parcelaria:

a) O predio arrendado inclúe o predio identificado cos seguintes códigos de catastro/Sixpac/concentración parcelaria: _

b) O predio arrendado está incluído no predio identificado cos seguintes códigos de catastro/Sixpac/concentración parcelaria: _

c) O predio arrendado coincide parcialmente co predio identificado cos seguintes códigos de catastro/Sixpac/concentración parcelaria: _

Uso actual do solo: _ (_ hectáreas)

Superficie: _ metros cadrados (_ hectáreas)

Prezo da parcela: _ euros/ano (Impostos non incluídos)

Nº de planos que se xuntan ao contrato: _

5. PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO.

Prazo mínimo de duración: Un (1) ano.

Prazo máximo de duración (incluídas as prórrogas): _ anos.

6. RENDA.

Euros/Ano: _ euros (Impostos non incluídos).

7. NÚMERO DE CONTA PARA O LIBRAMENTO DAS ORDES DE ENDEBEDO OU ABOAMENTO.

Numero de conta: _ Entidade financeira: _

8. DESTINO OU APROVEITAMENTO PRINCIPAL DO PREDIO.

Agrícola: _ (Si/Non)

Pecuario ou gandeiro: _ (Si/Non)

Forestal (Só aproveitamento madeireiro): _ (Si/Non)

Forestal (Outros aproveitamentos forestais): _ (Si/Non)

9. TIPO DE CULTIVO OU USO.

_

10. CARGAS, GRAVAMES, ARRENDAMENTOS, OCUPANTES E OUTRAS CONDICIÓN PARTICULARES.

_

(Lugar, data e sinatura manuscrita ou data da sinatura electrónica)

Parte arrendadora

Parte arrendataria

